

Carme dos Pincheiros en A Pobra

SUSO SOUTO

Unha festividade na honra da xente do mar con séculos de tradición

O termo pincheiro refírese aos pescadores que capturaban o peixe usando o pincho

Redacción

As festas do Carme dos Pincheiros son unhas das máis destacadas no calendario anual do municipio da Pobra do Caramiñal. Son días nos que se desprende unha atmósfera especial e se sente como nunca a identidade desta vila costeira, no que esperados eventos como os Sanjuerguines, a Olimpíada pincheira e a Festa da Auga, garantizan a diversión de tódolos visitantes.

As celebracións homenaxeán a todas as persoas que, en busca dun futuro próspero, decidiron buscarse a vida traballando no mar. As súas orixes

remóntanse ao século XVIII, cando nceu o termo pincheiros, que fai referencia a aqueles mariñeiros que se dedicaban a apañar a pescada usando un pincho dende unhas lanchas que se denominaban pincheiras, xa que dende elas practicaban este arte de pesca derivado do palangre.

Este colectivo de persoas, que chegaron a ser o expoñente da realidade traballadora da Pobra do Caramiñal e o motor cultural da vila, honran á súa patroa, a Virxe do Carme, no mes de agosto, cando regresaban da marea aos seus fogares e lle daban as grazas por protexelos dos perigos do mar e os beneficios obtidos.



Un dos xigantes que desfila polas rúas pobrenses representa aos pincheiros.

GARME DOS PINCHEIROS

A POBRA DO CARAMIÑAL
15. 16. 17 e 18 de agosto **2025**

VENRES, 15 DE AGOSTO	SÁBADO, 16 DE AGOSTO	DOMINGO, 17 DE AGOSTO	LUNS, 18 DE AGOSTO
19:00h 21 Bombas de palenque 19:00h XIGANTES E CABEZUDOS acompañados polo GRUPO DE GAITAS TRÉCOLA 19:30h IMPOSICIÓN DE ESCAPULARIOS ós novos confrades e MISA SOLEMNE por todos os confrades falecidos, interpretado pola Coral "Lauda Sión" 20:00h XIGANTES E CABEZUDOS acompañados polo GRUPO DE GAITAS TRÉCOLA 21:00h FREGÓN DAS FESTAS dende o balcón do concello. ACTIVIDADE CULTURAL A CARGO DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL CONCERTOS na Praza Alcalde Segundo Durán 22:00h AJENCIA TRIVUTARIA 23:00h MARTIN HUMAN Remate de festa a cargo de Chocolate	10:30h 21 Bombas de palenque 11:00h Entrarán na vila percorrendo as rúas e as parroquias a BANDA DE MÚSICA DE RIANXO, a BANDA DE GAITAS OS CASTROS DE AMES, o GRUPO DE GAITAS XIADA, OS CARAVEIROS, o GRUPO DE GAITAS O AR DE LOUREDA e o GRUPO DE GAITAS OS ARGALLEIROS 12:30h XIGANTES E CABEZUDOS acompañados polo GRUPO DE GAITAS TRÉCOLA 12:00h - 14:00h XOGOS POPULARES no Cantón da Leña 13:00h Concerto da BANDA DE MÚSICA DE RIANXO nos Xardíns de Valle-Inclán CONCERTOS das distintas agrupacións nas prazas e rúas 14:30h SAN JUERGUINES, FESTA DA AUGA 22:30h ORQUESTRA MAR AZUL 00:00h CONDUCTORES SUICIDAS BANDA TRIBUTO A JOAQUÍN SABINA	10:30h 21 Bombas de palenque 11:00h Entrarán na vila percorrendo as rúas e as parroquias a BANDA DE MÚSICA DE VILABOA, a BANDA DE GAITAS DE SAN PANTALEÓN, o GRUPO DE GAITAS XIADA, OS CARAVEIROS e o GRUPO DE GAITAS OS ARGALLEIROS 11:30h Entrada na vila e desfile da BANDA MILITAR DA BRILAT 12:00h CONCERTO no Cantón da Leña da BANDA MILITAR DA BRILAT 13:00h CONCERTO nos Xardíns de Valle-Inclán a cargo da BANDA DE MÚSICA DE VILABOA 18:30h MISA SOLEMNE na honra da Virxe do Carme, interpretada pola Capela de Música "Lauda Sión". PROCESIÓN DA VIRXE DO CARME custodiada polos banderíns e a Banda Militar da Brilat OFRENDA no pantalán das coroas de flores por membros da Asociación de Amas de Casa e da Confraría de Pescadores 22:30h OLIMPOS Remate de festa a cargo de Chocolate	10:30h 21 Bombas de palenque 11:00h Entrarán na vila percorrendo as rúas e as parroquias a BANDA DE MÚSICA DE LANTAÑO, a BANDA DE GAITAS OS CASTROS DE AMES, o GRUPO DE GAITAS XIADA, OS CARAVEIROS, o GRUPO DE GAITAS O AR DE LOUREDA e o GRUPO DE GAITAS OS ARGALLEIROS 12:30h XIGANTES E CABEZUDOS acompañados polo GRUPO DE GAITAS TRÉCOLA 12:00h - 14:00h PINCHEIROLANDIA 13:00h FESTA DA ESPUMA na Praza Alcalde Segundo Durán. 13:00h CONCERTO da BANDA DE MÚSICA DE LANTAÑO nos xardíns de Valle-Inclán 17:00h - 19:00h PINCHEIROLANDIA na Praza Alcalde Segundo Durán 20:00h DESFILE DE DESPEDIDA DOS XIGANTES E CABEZUDOS, acompañados polos GRUPOS DE GAITAS 22:30h THE BROKEN PEACH 00:15h GRAN QUEIMA DE FOGOS ARTIFICIAIS E COMBATE NAVAL 00:30h Remate de festa a cargo de Chocolate

Festas do Carme dos Pincheiros da Pobra

TURISMO.GAL

A Pobra, un refuxio vacacional con praias pacíficas e paraísos naturais

Cabio, O Areal ou as pozas do río Pedras son algúns dos lugares máis visitados por turistas

Redacción

A vila costeira da Pobra do Caramiñal é un destino idóneo para facer turismo. Basta con pasar un par de días nela para gozar dunhas boas vacacións con interesantes plans como observar as fermosas vistas da loca-

lidade dende o Mirador da Curota ou dar un paseo relaxante polo paseo das Xunqueiras. Aínda que, se por algo destaca, é pola súa variedade de praias, perfectas se o que buscas é un lugar no que lecer refuxiándose da calor. Unha das máis habitadas durante o período estival é a praia do



A Corna é a praia máis longa do municipio.

Areal, xa que atópase no pleno centro do municipio, polo que é unha das mellores opcións para darse un baño rápido. Ademais, é a única de

todas que acepta o acceso de mascotas. Outra alternativa é a praia de Cabío, unha das grandes favoritas dos

veciños e turistas, posto que conta con múltiples chiringuitos nos que tomar algo fresco, diferentes empresas de actividades náuticas e espazos específicos para practicar deportes como o fútbol praia ou o vólei praia. Por outra banda, para os que lle chamen máis os ecosistemas costeiros pegados a paisaxes verdes, a praia da Corna é o seu sitio, posto que conta cun areal de 1.500 metros de lonxitude e augas tranquilas.

As pozas do Río Pedras

No caso de querer escapar dos entornos de praia, as pozas naturais do río Pedras é un dos destinos máis adecuados para dun dos paraísos naturais máis atractivos da comarca de Barbanza. Ao adentrarse neste lugar podeste atopar con augas cristalinas e belas cuncas esculpidas pola corrente.



FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A) | EQUIPOS A PRESIÓN

CONTRA-INCENDIOS | INSTALACIONES INDUSTRIALES

www.instalacionesherfer.es

Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro • A Coruña

T. 981 849 971 y 981 847 097 | comercial@instalacionesherfer.es



INSTALACIONES
HERFER



Talleres
FONTAO



TORNO • FREZADORA • CNC • CALDERERÍA

MECANIZADOS PRECISIÓN MEDIA ALTA

www.tallerfontao.es

Tel./Fax: 981 831 854

fontao@tallerfontao.com

Polig. Ind. A Torrada, par. 3 • Pobra do Caramiñal



Fariña y Lobeiras s.l.

TRABAJOS DE MINERÍA Y EXCAVACIONES • TRABAJOS EN PROFUNDA

CONSTRUCCIONES EN ALBAÑILERÍA

REFORZOS • PREDIUM • MANTENIMIENTO DE INSTALACIONES

Rúa Morto, 2 - A • Pobra do Caramiñal - jctony@live.com

Teléfonos:

646 683 800

609 197 313



FRIGORÍFICOS
PUEBLA, S.L.

FELICES FESTAS

La Bayuca, I - Telf.: 981 83 01 58 - 981 83 01 87 - Fax: 981 83 10 27

Apartado, 30 - PUEBLA DEL CARAMIÑAL - (La Coruña)



CONSTRUCCIONES
EXCAVACIONES
TRANSPORTES
POBRA DO CARAMIÑAL

Telf.: 981 831 123

Movil: 650 458 390 - 650 436 568

correo@excavacionesnima.es

www.excavacionesnima.es



Grupo Outeiral

Autos R. Outeiral

BOIRO, A CORUÑA

Tel. 981 844 085

info@autosramonouteiral.com

J. Senin s.l.u

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel. 981 587 526

senin@autocaresfsenin.es



SERVICIOS REGULARES Y DISCRECIONALES DE VIAJEROS

CIRCUITOS NACIONALES E INTERNACIONALES

VEHÍCULOS DE 16 A 63 PLAZAS

SERVICIO DE TAXI HASTA 6 PLAZAS Y ADAPTADO A P.M.R.



Festas do Carme dos Pincheiros en A Pobra

Iago Rodríguez

As festas do Carme dos Pincheiros da Pobra non serían o mesmo se non contasen coa presenza dos seus característicos cabezudos e xigantes que invaden as rúas para provocar os sorrisos tanto dos veciños como dos visitantes, especialmente dos que son máis pequenos.

Este desfile é tan antigo como a propia festividade, xa que os propios pincheiros honraban a súa patroa dende hai séculos creando traxes e figuras orixinais cano volvían da marea, unha costume que se foi transmitindo xeración tras xeración e que representa un sello da identidade da propia vila. «Os cabe-

«Os cabezudos son uns dos emblemas da Pobra»

Vinteseite personaxes sacadas de relatos infantís e de mitos e lendas invadirán as rúas nas festas do Carme dos Pincheiros

zudos son uns dos emblemas da Pobra. Cada vez que chega a hora da súa saída dende a igrexa, centos de persoas espéranos ansiosos para acompañalos polas rúas. Son dos momentos máis esperados», explica o presidente da comisión das festas, Jesús Maneiro, que é entidade encargada de garantir o

seu mantemento.

Pouco máis de dez persoas traballan conxuntamente para que estas míticas personaxes poidan amenizar as celebracións cada vez que chega agosto, algo que non é coser e cantar. «Gardámoslos nun local que temos e aí ocupámonos de darlle os toques de pintura, facer os

traxes e corrixir os danos que sexan necesarios. É un proceso que leva todo o ano», comenta.

Un total de vinte e sete cabezudos percorreren o venres, o sábado e o luns as rúas pobrenses bailando sen parar acompañados da música do grupo de gaitas Trécola. Haberá tanto recoñecidas

personaxes de series e películas infantís como figuras fantásticas sacadas de mitos e lendas populares. «Teremos a Mickey e Minnie Mouse, Brancaneves e os sete enaniños, Astérix e Obélix, un policía, dous cabalos, un xinete, un dragón, un xigante e demais...», detalla Maneiro.

O desfile traspasa a barreira do que pode ser calquera evento de entretemento, xa que para moitos pobrenses resulta inesquecible poder forma parte dunha iniciativa que xera tanta diversión e bo ambiente. Por iso, os que empezan non o deixan. «Os que se vestirán coas cabezas máis grandes, empezaron de rapaces coas que eran para os máis pequenos. É unha actividade que ilusiona e enche de orgullo. De feito, cada ano hai máis», di.


Clínica Dental Dr. Gonzalo López Castro
R.G.S.: C-15-000864 www.clinicalopezcastro.com

¡¡La clínica Dr. Gonzalo López Castro les desea unas Felices Fiestas!!

La Paz, 37 - 1º - Pobra do Caramiñal - T. 981 832 911 - glopezc@infomed.es

Especialidades

- Dr. Gonzalo López Castro
- Dr. J. Miguel Lojo Martínez
- Dra. Paula Río Rouco
- Dr. Rubén Martínez de Pedro
- Dra. Isabel Castro Chao
- Implantología · Periodoncia · Cirugía oral · Endodoncia · Prótesis · Sistemas Cerec (prótesis inmediata) · Odontología estética · Láser dental · Ortodoncia invisible · Odontopediatría · Ortopantomografía · Rx digital



PISOS de 2 dormitorios

desde 150.000 €

Centro de A POBRA DO CARAMIÑAL



CON ASCENSOR Y VISTAS AL MAR

981 832 250 634 538 265

info@90gradosarquitectos.es